

## INFORMACIÓNS IMPORTANTES – Xuño 2018

### 1. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL

Recordamos que **ata o 22 de xuño está aberto o prazo** para presentar as solicitudes de:

- A) **FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO:** Deben solicitalo todos os alumnos que vaian cursar 3º/4º/5º/6º de Primaria e 1º/2º/3º/4º de ESO, calquera que sexa a súa situación económica, pois entregaranse libros ata esgotar as existencias.
- B) **AXUDAS LIBROS DE TEXTO:** Dirixidas para os alumnos que vaian cursar 1º/2º Primaria. Estas axudas dependerán da renda familiar.
- C) **AXUDAS DE MATERIAL:** Para todos os alumnos de Primaria e ESO, e dependen da renda familiar.

*NOTA: Os libros de Infantil non contan con axuda. A lista de libros poderá consultarse nos taboleiros do centro e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidevedra/>*

### 2. COMEDOR ESCOLAR

- A) Ao longo do mes de xullo publicaranse as listas de admitidos e excluídos.
- B) **Todos os usuarios de comedor** deberán entregar, **antes do 11 de setembro**, o **IMPRESO DE AUTODECLARACIÓN** dos prezos públicos **para determinar a contía que lles corresponderá pagar por ser usuarios (gratuitos, 1€, 2.50 €, 4.50 €)** pola utilización do mesmo. **(Recoméndase facelo ANTES DO 31 DE XULLO) Acompañase modelo para presentar**
- C) **COLABORADORES DE COMEDOR:** De acordo coa normativa, Todos **aqueles pais e nais interesados** en colaborar na atención do comedor escolar durante o curso escolar 2018/19 **deberán solicitalo** na secretaría do centro. **O prazo está aberto desde o 22 de xuño ata o 11 de setembro.**

### 3. TRANSPORTE ESCOLAR

Como en anos anteriores, **durante o mes de xullo, o alumnado** de Infantil, Primaria e ESO, **que non sexa usuario lexítimo do transporte escolar**, deberá solicitar **unha autorización excepcional para o curso 2018-2019**, se hai prazas no autobús e sen pedir novas paradas nin itinerarios.

*NOTA: É usuario lexítimo do transporte todo o alumnado co domicilio fóra do núcleo próximo ao centro, agás o que non lle corresponda este centro, por pertencer á área de influencia doutro que imparta o nivel no que está matriculado.*

### 4. HORARIO DE OFICINA NO VERÁN

As **oficinas do centro** estarán **abertas** durante o mes de **xullo**, laborables de luns a venres, en horario de **10.00 a 14.00 horas**, para todos os trámites administrativos do final e inicio de curso.

### 5. EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO (ESO)

Realizaranse os días **3 e 4 de setembro** segundo o calendario establecido ao efecto, que se entregará ao alumnado e estará publicado no taboleiro do centro e na páxina web do centro.

A entrega de **notas da avaliación extraordinaria** será o **mércres, 6 de setembro ás 12 horas.**

## OUTRAS INFORMACIÓNS IMPORTANTES

### 6. **COMEZO DO CURSO 2018-2019**

O comezo de curso, de acordo co calendario escolar oficial, terá lugar nas seguintes datas:

- ❖ **INFANTIL e PRIMARIA: Mércores, 12 de setembro.**
- ❖ **EDUC. SECUNDARIA: Martes, 18 de setembro** (Pois o luns 17 é festivo local).

Eses mesmos días comeza o servizo de **comedor** e **transporte escolar** nos horarios habituais.

MES/ DÍA	DATAS IMPORTANTES A LEMBRAR
<b>XUÑO</b>	
Mércores, 20	▪ <b>Devolución dos lotes de libros do Fondo Solidario e Axudas libros do curso actual</b> (na clase coordinado polos titores).
Xoves, 21	▪ <b>Festa fin de curso. Entrega de notas Infantil e Primaria.</b>
Venres, 22	▪ <b>Data límite de solicitude de Fondo libros, Axudas libros, e Axudas material</b>
Luns, 25	▪ <b>Entrega de notas de ESO ás 12.00 horas.</b> ▪ <b>Entrega certificados 4º ESO para matrícula en IES ou FP.</b>
Mércores, 27	▪ Reunión Pais do <b>novo alumnado 4º Infantil</b> (2018/2019) ás 11 h.
<b>XULLO</b>	
Venres, 13	▪ Publicación das <b>listaxes provisionais</b> de libros concedidos polo <b>FONDO LIBROS</b> para o alumnado matriculado en 3º/4º/5º/6º de Primaria e 1º/2º/3º/4º de ESO.
Luns, 16	▪ Inicio de <b>recollida de vales de axuda de libros</b> para alumnado de 1º/2º de Primaria con dereito ao mesmo. ▪ Inicio de <b>recollida de vales de material escolar</b> para todo o alumnado do centro matriculado en Primaria e Secundaria con dereito ao mesmo.
Venres, 20	▪ Publicación das <b>listaxes definitivas</b> de libros concedidos polo <b>FONDO LIBROS</b> para o alumnado matriculado en <b>3º/4º/5º/6º de Primaria.</b>
Martes, 31	▪ Data límite recomendada entrega <b>IMPRESO AUTODECLARACIÓN dos prezos públicos de comedor escolar.</b>
<b>SETEMBRO</b>	
Luns, 3 Martes, 4	▪ <b>Exames</b> de Setembro (ESO).
Xoves, 6	▪ Entrega de <b>notas</b> de Setembro (ESO).
Luns, 10	▪ Data límite presentación solicitudes para ser colaboradores de comedor.
Mércores, 12	▪ Comezo das <b>clases</b> para <b>Ed. Infantil e Primaria</b> e servizo de comedor. ▪ Entrega dos libros de texto concedidos polo FONDO SOLIDARIO (Primaria).
Venres, 14	▪ Publicación das <b>listaxes definitivas</b> de libros concedidos polo <b>FONDO LIBROS</b> para o alumnado matriculado en <b>1º/2º/3º/4º de ESO.</b>
Luns, 17	▪ <b>Festivo Local</b> (O Patio).
Martes, 18	▪ Comezo das <b>clases</b> para <b>Ed. Secundaria</b> , e servizo de comedor. ▪ Entrega dos libros de texto concedidos polo FONDO SOLIDARIO (ESO).